

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE : 2235 /433.

ASUNTO: PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE
AXUDAS PARA A ILUMINACIÓN DE EDIFICIOS
HISTÓRICO CORRESPONDENTE AO ANO 2025.
RESOLUCIÓN DE DESERTO

TITULAR: XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

RESOLUCIÓN DE DESERTA DA CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ILUMINACIÓN DE EDIFICIOS CATALOGADOS, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025 (EXPTE 2235/433)

O día 24/09/2025 a Técnica de Administración Xeral da Oficina de Vivenda e Solo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo coa conformidade do Xerente do devandito organismo, emitiu informe proposta de resolución co seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por resolución da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda de data 30/04/2024, apróbase a convocatoria para o outorgamento de axudas para a instalación de iluminación de edificios catalogados para o período 2024-2025. En base ao anterior, con data 20/03/2025 asínase a convocatoria da devandita axuda para o exercicio 2025, con un orzamento total de 20.000,00€, que farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1510.07800001, incluída no capítulo VII de Transferencia de Capital, denominada “Axudas iluminación edificios históricos”.

O Consello da XMU toma en coñecemento dita resolución na sesión ordinaria celebrada en data 01/04/2025.

2.- De acordo coas bases reguladoras, o inicio do cómputo do prazo establecido para achegar solicitudes, veu determinado pola publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 65, do 4 de abril de 2025, a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (identif.: 764891). O fin do prazo de presentación das solicitudes é 04/07/2025.

3.- Durante o prazo sinalado no parágrafo anterior, non se ten presentado solicitude algunha en prazo e forma establecidas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

En virtude do disposto na base 8ª das BASES REGULADORAS que rexen o procedemento de concesión, a instrución do procedemento correspóndelle a un técnico de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos antes de formular a correspondente proposta de resolución, ao abeiro establecido no artigo 21 da LXS.

Tendo en conta que no presente expediente, correspondente ás axudas de iluminación de edificios históricos para a anualidade de 2025, non se presentou ningunha solicitude, ponse fin á fase de instrución sen máis trámites que realizar, e procedendo a correspondente proposta de declaración de deserto.

A resolución corresponderá á Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, ao abeiro do establecido na delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 04/07/2023, que recolle expresamente, entre outros, a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva.”

OFICINA MUNICIPAL
DE VIVENDA E SOLO

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



De acordo con esta proposta,

RESOLVO

PRIMEIRO.- DECLARAR DESERTA a convocatoria do procedemento para o outorgamento de axudas para a instalación da iluminación de edificios catalogados para o período 2025, ao no constar solicitude algunha rexistrada.

SEGUNDO.- Cumprindo co disposto no artigo 20.8.b) da LXS e Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración , co obxecto de contribuír aos principios de publicidade e transparencia, **COMUNICAR Á BDNS**, para a inclusión da súa páxina web as subvencións concedidas, con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida, obxectivo ou finalidade da subvención, con expresión dos proxectos subvencionados.

TERCEIRO.- En aplicación á Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, **PUBLICAR** as axudas concedidas no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, así como, na sede electrónica da Xerencia Municipal de Urbanismo e no taboleiro de anuncios da mesma.

CUARTO.- NOTIFICAR, de ser o caso aos interesados, a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, con indicación expresa de que, de conformidade cos artigos 123 e 124 da LPAC, a presente resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes (1), ou directamente ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa (srt. 8.1 LRXCA). No caso de interpoñer o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous (2) meses, establecido no artigo 46.1 da LRXCA.

MDL/

Vigo, na data da sinatura dixital que figura ao marxe

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E VIVENDA

(Acordo XGL 04/07/2023)

María José Caride Estévez

DOU FE,

Secretario da XMU

OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	CONCELLO DE VIGO	
--	------------------------------------	---------------------	---

José Villán Fuertes